

TOMO III: ANTEPROXECTO DE PLANEAMENTO

(DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA Ó DOCUMENTO DE INICIO)

DIRECTOR DO EQUIPO REDACTOR:

MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ.

Arquitecto

EQUIPO REDACTOR:

MANUEL ÁNGEL LÓPEZ REAL.

Enxeñeiro de Edificación - Arquitecto Técnico

BELINDA YEPES JIMÉNEZ.

Enxeñeira de Montes

MANUEL CAMPO DÍAZ.

Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos

JOSÉ ANTONIO MAIRA MÉNDEZ.

Enxeñeiro Agrónomo

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1 DEFINICIÓN E MARCO NORMATIVO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA (AAE)	4
1.2 A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL	4
2. OBXETIVOS DO PLAN XERAL	5
2.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS	5
2.2 OBXETIVOS XERAIS	6
2.3 OBXETIVOS ESPECÍFICOS	7
2.4 CRITERIOS DE ORDENACIÓN	10
2.4.1 Delimitación de solo urbano	10
2.4.2 Delimitación de solos urbanizables	10
2.4.3 Delimitación dos núcleos rurais	10
2.4.4 Solo rústico	12
3. ALCANCE E CONTIDO DO PLANEAMENTO, DAS PROPOSTAS E DAS SÚAS ALTERNATIVAS.	16
3.1 ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO	16
3.1.1 Antecedentes de planeamento	16
3.2 DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL EN AUSENCIA DO PLANEAMENTO	17
3.2.1 Delimitación de solo urbano	17
3.2.2 Ordenación do solo rústico	18
3.3 PLANEAMENTO VIXENTE	19
3.3.1 Función do planeamento respecto á situación de partida	22
3.4 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL	23
3.5 ALTERNATIVAS PROPOSTAS PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL	25
4. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLANEAMENTO	27
4.1 PREVISIÓNS DE DESENVOLVEMENTO DO NOVO PLANEAMENTO	27
4.1.1 Solo urbano e solo de núcleo rural	27
4.1.2 Solo de núcleo rural	27
4.1.3 Solo urbanizable	27
4.1.1 Solo rústico	27
5. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES	29
5.1 EFECTOS AMBIENTAIS SOBRE OS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS E A PLANIFICACIÓN PROPOSTA	30
5.2 CUMPRIMENTO DA LEI E REGULAMENTO DE ACCESIBILIDADE	31
5.3 AS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO	31
5.4 INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	31
5.5 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA	31
6. COMPOSICIÓN DO EQUIPO REDACTOR	33



7. ANEXO: PLANO DE AVANCE DE ORDENACIÓN34

1. INTRODUCCIÓN

1.1 DEFINIÇÃO E MARCO NORMATIVO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA (AAE).

A Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) ou avaliación ambiental de plans e programas é un instrumento de prevención para integra-los aspectos ambientais na toma de decisións de planes e programas públicos que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente, ben directamente a través das súas propias determinacións, ben porque establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos á avaliación de impacto ambiental.

A AEA es un instrumento previsto na Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello de Europa, e foi trasposto á Lexislación Española a través da Lei 9/2006, de 28 de Abril, publicada en el B.O.E. de 29 de Abril de 2006.

A AEA é un proceso de avaliación ambiental que debe efectuarse en paralelo á propia elaboración do plan, de forma interactiva ó longo de todo o seu proceso de desenvolvemento e toma de decisións.

1.2 A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL

O Concello de Friol non dispón de planeamento xeral adaptado ás lexislacións vixentes.

Iniciase en Xuño de 2.009 (26 de Xuño de 2.009) a tramitación da Avaliación Ambiental Estratéxica (código 0653/2008) ca remisión do Documento de Inicio, correspondente ó Plan Xeral de Ordenación Municipal. Dito documento publícase o 8 de Agosto de 2.008 na páxina web polo espazo dun mes, período durante o cal están abertas suxerencias ou comentarios ó documento. Non se recollen ningunha ó respecto.

Con data do 13 de Xullo de 2.010 recíbese comunicación por parte de dita Dirección Xeral, aludindo que trala aprobación Lei 2/2010, os plans e programas que non estiveran aprobados inicialmente antes da entrada en vigor da Lei, o 21 de Abril de 2.010, deberán, segundo a disposición transitoria da LOUGA, adaptarse plenamente a ela.

Considerase que o documento de inicio non se axusta ós requerimentos establecidos no art. 84.4 da LOUGA, polo que solicítase un novo documento, o anteproxecto de planeamento.

Remítese dita documentación á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental., e con data do 8 de outubro recíbese escrito co obxecto de enmendar erros detectados no Anteproxecto de planeamento, polo que realízase a subsanación e corrección no presente documento.

2. OBXETIVOS DO PLAN XERAL

2.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

Segundo o artigo. 52 da Lei 9/2002 del 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o Plan Xeral de Ordenación Municipal como instrumento urbanístico de ordenación integral do termo municipal clasificará o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definindo os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para á ordenación urbanística do territorio e establecerá as determinacións orientadas a promove-lo seu desenrolo e execución.

O contido do plan é congruente cos fins que nel se definen e adáptase ás características e complexidade urbanística do termo municipal, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos sistemas xerais.

O plan xeral garante a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeneradas en cada área de reparto.

2.2 OBXETIVOS XERAIS

O presente plan xeral de ordenación municipal contén seguintes determinacións de carácter xeral, segundo o disposto no artigo 53 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

- a. Obxectivos xerais e criterios da ordenación compatibles coa normativa sectorial e ambiental, cos instrumentos de ordenación do territorio e co planeamento dos municipios limítrofes.
- b. Clasificación do solo de todo o termo municipal en todos ou nalgún dos distintos tipos e categorías establecidos na lei.
- c. División do solo urbano en distritos dacordo co disposto no artigo 49 de esta ley.
- d. Delimitación de los sectores en suelo urbanizable delimitado.
- e. Estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, en particular, polos sistemas xerais de comunicacións e as súas zonas de protección, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos. En calquera caso, indicárase para cada un dos seus elementos non existentes os seus criterios de deseño e execución e o sistema de obtención dos terreos.
- f. Catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais, ou pola súa relación co dominio público, deban ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan.
- g. Delimitación das concas de interese paisaxístico no termo municipal e medidas para a súa adecuada protección e recuperación.
- h. Delimitación de áreas de reparto en solo urbano non-consolidado e en solo urbanizable delimitado, con fixación do aproveitamento tipo, se é o caso.
- i. Carácter público ou privado das dotacións.
- j. Determinación, se é o caso, dos prazos para a aprobación do planeamento de desenvolvemento e, en xeral, para o cumprimento dos deberes urbanísticos.
- k. Determinacións necesarias para que as construcións e instalacións cumpran as condicións de adaptación ó ambiente.

Este plan considera a situación urbanística anteriormente existente, para conservala en parte e

para rectificala directamente a través das determinacións que lle son propias, acordo co artigo 16 do Regulamento de Planeamento.

2.3 OBXETIVOS ESPECÍFICOS

O Plan Xeral de Ordenación Municipal ten por obxecto realizar unha análise de todos aqueles aspectos que poidan incidir na definición do modelo territorial para o concello e nas determinacións do planeamento.

Como obxectivo prioritario da ordenación establécese a posta en valor das características do municipio, vinculadas a explotación racional dos recursos naturais, e analizadas nos correspondentes documentos do plan. Igualmente, mediante a ordenación proposta, garantírase a continuidade e viabilidade das actividades tradicionais, permitindo outras novas mediante desenvolvementos urbanísticos moi controlados e acotados, garantindo a perdurabilidade e sostibilidade do desenvolvemento. Da análise efectuada pódense estimar que os obxectivos e a función da ordenación ten que estar orientada de cara as seguintes cuestións:

- O solo urbano de Friol ten unha malla urbana claramente definida que precisa de remates interiores.
- O seu desenvolvemento partir dos eixes das estradas, deu como resultado un núcleo pouco compacto tendo como resultado un desenvolvemento pouco axeitado, favorecendo a dispersión.
- O Concello de Friol é carente en canto a zonas verdes coa capacidade residencial actual.
- Precisa dunha axeitada integración, así como conservación do patrimonio arquitectónico, moi integrado na malla urbana.
- É necesaria a revisión do sistema de asentamentos rurais: Existen asentamentos que deberán ser delimitados e que terán a consideración de núcleo. Por outra banda, existen asentamentos que se atopan delimitados e non deberían ser considerados (dada a súa escasa entidade) dentro do sistema de núcleos rurais.
- Revisión do actual solo urbano e contemplar as posibilidades reais de crecemento residencial no Concello, dada a súa localización xeográfica e segundo a demanda existente.
- Dotar dunha axeitada protección ós espazos naturais de interese.

Os obxectivos plantexados na redacción do PXOM segundo á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia son, entre outros, os seguintes:

Estrutura xeral do territorio: Identificación, valoración e propostas para os seguintes elementos:

- Rede de comunicacións
- Espazos libres e zonas verdes
- Equipamentos comunitarios
- Patrimonio arquitectónico e arqueolóxico.

Solo urbano:

- Adecualo desenvolvemento urbano ó proceso edificatorio, á realidade do municipio e á evolución económica e poboacional.
- Ordenación do solo urbano, zonificación de usos acorde coas necesidades e das características arquitectónicas existentes.
- Remate das zonas interiores e operacións de reforma interior das zonas industriais.
- Integración do patrimonio arquitectónico e etnográfico dentro da ordenación.

Solo urbanizable:

- Delimitar solo urbanizable para garantir desenvolvemento daqueles sectores que se precisen baseándose na diagnose a realizar.
- Remate dos bordos perimetrais da trama urbana.
- Delimitación de novas zonas de uso industrial.

Solo de núcleo rural:

- Delimitación dos núcleos rurais de poboación de acordo cos criterios establecidos pola Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia segundo o modelo de asentamento poboacional.
- Establece-la existencia de áreas de expansión naqueles núcleos rurais que se considere necesario, limitándose estas áreas ó estritamente necesario.
- Favorecemento da rehabilitación da edificación tradicional existente.

Solo rústico:

- Determinación do solo reservado á protección de augas, pola necesidade de establecer corredores ecolóxicos e protexer o ámbito urbano das choivas torrenciais.
- Identificación das escasas zonas agropecuarias do concello.
- Protección das zonas de bosque e ámbitos forestais para impedir a súa erosión e deforestación que produciría fenómenos de arrastres de solo e aluviós sobre o solo urbano.
- Protección do patrimonio, como a protección integral dos elementos arquitectónico e

Anteproxecto de Planeamento (Documentación complementaria ó documento de inicio)

Novembro 2010

etnográfico de interese patrimonial e histórico. Delimitación así mesmo das areas de protección integral dos elementos arqueolóxicos, arquitectónicos e etnográficos, así como as súas areas de respecto.

2.4 CRITERIOS DE ORDENACIÓN.

2.4.1 Delimitación de solo urbano

Dacordo co artigo 11.1 da LOUG, os plans xerais clasificarán como solo urbano, incluíndo na delimitación que a tal efecto establezan, os terreos que estean integrados na malla urbana existente sempre que reunindo tódolos requisitos dispostos nos apartados a, b e c:

Ademais, o Art. 11.2 da LOUG establece que se consideran incluídos na malla urbana os terreos dos núcleos de poboación que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías perimetrais e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, no estean desligados do entramado urbanístico xa existente, polo que delimitarase o solo urbano de Friol.

2.4.2 Delimitación de solos urbanizables

Identifícanse dous problemas que levan á conclusión da posibilidade de necesidade de solos urbanizables:

- Aínda que xa existe unha área onde se pode desenvolver unha actividade industrial, sería interesante contemplar e xustificar a necesidade ou non, de delimitar unha nova área destinada a usos industriais.
- A posibilidade durante o tempo de vixencia do Plan Xeral, de colmatación do solo urbano de Friol, conleva a necesidade de búsqueda de novas áreas de crecemento, periféricas a delimitación de solo urbano.

2.4.3 Delimitación dos núcleos rurais.

Para identificar e determinar as entidades de poboación existentes no concello que forman Núcleo Rural, partírase dos criterios establecidos na Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia no artigo 13 no que expón que constituirán solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico - tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

Partindo destes criterios obsérvase que a maioría das entidades de poboación do concello posúen as características enumeradas.

Para establecer a delimitación dos ámbitos dos núcleos rurais analizáronse as seguintes variables:

- **Topónimo** diferenciado.

Anteproxecto de Planeamento (Documentación complementaria ó documento de inicio)

Novembro 2010

- **Número de vivendas**, diferenciando as tradicionais e as recentes, considerándose que unha agrupación de alomenos tres vivendas terá a condición de asentamento poboacional e delimitarase como núcleo rural a efectos urbanísticos no presente Plan Xeral. Tamén incluírase aqueles topónimos que cumpran as condición do núcleos rurais (vivendas a unha distancia inferior de 50 metros entre si e que cumpran os parámetros de consolidación) e a suma das súas vivendas sexa igual ou maior de tres.
- o Para a análise das edificacións tradicionais establécese como criterio que a edificación tradicional será aquela construída con anterioridade ó ano 1950 , a gran maioría dos núcleos practicamente non presentan edificacións recentes, posteriores ó ano 1950, xa que se trata de núcleos practicamente abandonados, menos aqueles que están sufrindo un proceso de rehabilitación, que pola súa situación de incomunicación practicamente non viron alterada a súa situación urbanística. Na actualidade a presión do turismo pode provocar a alteración daquelas tipoloxías tradicionais que ata a actualidade se atopan ben conservadas.
- Existan **relacións propias da vida comunitaria**
- O sistema de núcleos recollidos no **Plan vixente** (as Normas Subsidiarias), tal e como se detalla no apartado de planeamento vixente, recolle unha serie de núcleos no seu sistema de asentamentos, contando cuns criterios que non se atopan debidamente xustificadas, nin acordes cas directrices de ordenación actuais, polo que non serán tidas en conta para a nova proposta, aínda que si son válidos para entender a ordenación sobrevenida na actualidade.

Con todos estes criterios, seleccionárase unha relación de entidades singulares pertencentes ó Nomenclátor para ser integradas no sistema de asentamentos propostos polo Plan Xeral.

Para a delimitación e clasificación do solo, tanto de núcleo rural histórico tradicional como común, terase en conta, ademais de tratar de recoller no seu perímetro a totalidade de vivendas, o cumprimento, segundo o art.13 da LOUGA do grado de consolidación.

- Consolidación pola edificación, segundo sexa núcleo común ou tradicional

- o Núcleo rural histórico tradicional: As entidades de poboación delimitadas como núcleo rural histórico tradicional posúen mais dun 50% de consolidación pola edificación, segundo a ordenación proposta e segundo o requerido no artigo 13.3.a). Para elo se superficie a área ocupada en planta das construcións existentes, e calculase a máxima superficie que pode ocuparse no núcleo segundo a ordenación proposta (0,4 m²/m²) sobre a superficie de parcelas. O cociente entre ambos valores determina o grado de consolidación.
- o Núcleo rural común: As entidades de poboación delimitadas como núcleo rural común segundo o requerido no artigo 13.3.b), o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, dacordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie. Para ditos ámbitos, xurdidos a partir de novas edificacións, que non poden ser incluídas no anterior tipo de núcleo, prevese unha ocupación inferior na ordenación proposta de 0,4 m²/m², posto que a parcela media nos novos asentamentos é moito superior ós dos asentamentos tradicionais.

2.4.4 Solo rústico

2.4.4.1 Solo rústico de especial protección agropecuaria

O réxime dos solos rústicos de protección agropecuaria ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible, constituído polos terreos de :

- Alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia de explotacións que a avalen ou polas características ou potencialidade dos terreos ou das zonas onde se enclaven, como neste caso pode ser a presenza do cultivo da vide.
- Concentración parcelaria: Existen tres áreas (Burgo de Negral, Marcela e Silvela, e Gándara e Fraga), que comprenden unha pequena pequena porcentaxe de superficie, o 3%, sobre todo se temos en conta a elevada superficie adicada ó sistema agropecuario no Concello de Friol.

O PXOM exclúe xustificadamente desta categoría os ámbitos lindantes sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional, que serán clasificados como solo urbanizable.

2.4.4.2 Solo rústico de especial protección forestal

O réxime dos solos rústicos de protección forestal ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento

urbanístico sostible, constituído polos terreos de:

- Explotacións forestais.
- Masas arbóreas con funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo ou terreos de monte sen masa arbórea que cumpra as funcións anteriores
- Áreas que sufrisen os efectos dun incendio a partir da entrada en vigor desta lei nos cinco anos anteriores a ela. (1 de xaneiro de 1998)
- Áreas de especial produtividade forestal que declare a administración competente como os montes públicos ou os montes veciñais en man común.

O plan xeral pode excluír desta categoría as áreas sen masas arboradas merecedoras de protección, lindantes sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais, que resulten necesarias para o desenvolvemento urbanístico racional.

2.4.4.3 Solo rústico de especial protección de patrimonio

En cuanto ó patrimonio arquitectónico e etnográfico, o PXOM establecerá varios niveles de Protección e unhas áreas envolventes (Áreas de respecto) no seu entorno inmediato, para garantir o mantemento do significado do elemento protexido, o libre acceso e a súa visibilidade.

En canto ó patrimonio arqueolóxico, o Plan porá en valor as entidades a protexer, e establece unha protección integral (o solo de protección do patrimonio) e as súas respectivas envolventes, ás áreas de respecto, no que limitaranse diversos aspectos de cara a súa conservación.

Cabe destacar que no Concello de Friol se definen dous trazados do Camiño de Santiago, o tramo Norte e o Primitivo.

2.4.4.4 Solo rústico de especial protección de augas

Segundo a lei 9/2002 no seu artigo 32.2.d están constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, definidos na lexislación reguladora das augas continentais como leitos naturais, ribeiras e marxes das correntes de auga e como leito ou fondo das lagoas e encoros, terreos inundados e zonas húmidas e as súas zonas de servidume.

Polo tanto será cometido do PXOM os seguintes obxetivos:

1. Identificar todos os leitos e correntes naturais existentes no Concello, reflectindo na documentación gráfica e no texto das ordenanzas a zonas de protección do dominio público hidráulico seguintes:
 - Zona de servidume: de 5 metros de anchura para uso público.
 - Zona de policía: de 100 metros de anchura na que se condiciona o uso do solo e as actividades que se desenvolven.

2. Regularase os usos permitidos e autorizables e outro posibles dentro de dito ámbito.
3. Identificarase concretamente a previsión de paseos ou praias fluviais, zonas de baño ou deportes náuticos que poidan producir unha incidencia negativa no medio.
4. Protección axeitada dos corredores fluviais, segundo o establecido na Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación. Existen no Concello de Friol dúas áreas, un para o río Narla e outro para o Río Parga.

2.4.4.5 Solo rústico de especial protección paisaxístico

O réxime xeral dos solos rústicos de protección de interese paisaxístico, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora, ten por obxecto preservar os espazos de interese paisaxístico, constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano. Dito solo busca preservar as vistas panorámicas do territorio, do curso dos ríos ou dos vales, e dos monumentos ou edificacións de singular valor.

De ser atopados no estudio da paisaxe, terreos diferenciados con este tipo de valores no seu interior, serán definidos como espazos protexidos pola paisaxe.

2.4.4.6 Solo rústico de especial protección dos espazos naturais

Existen dúas áreas integradas na Rede Natura (LIC), definidos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, (ZEPVN), como son a Serra do Careón e o río Parga-Ladra e Támoga.

2.4.4.7 Solo rústico de especial protección de infraestruturas

Segundo a lei 9/2002 no seu artigo 32.2.c están constituído polos terreos rústicos destinados á localización de infraestruturas e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación (...). As lexislacións sectoriais establecen diversas zonas, dominio público, servidume, liña de edificación,... Con independencia doutras determinacións e as esixencias de informes, o criterio fixado pola Dirección Xeral de Urbanismo, "as zonas de afección non susceptibles de transformacións" son as comprendidas polas liñas de edificación.

A rede viaria

En particular as estradas Dirección Xeral de Estradas establece que o solo de protección de infraestruturas abarcará unha franxa, a ambos lados das estradas, polo menos ata a liña de edificación que fixa o artigo 35 da lei 4/1994, que será:

- Ferrocarril. Segundo a lexislación sectorial.
- Estrada nacional: Vinte e cinco metros.
- Estrada nacional: Variantes de poboación, cen metros
- Estradas autonómicas primarias: Doce metros.

- Estradas autonómicas de segunda orde: Nove metros e medio.
- Estradas provinciais e municipais e ámbito supramunicipal: Sete metros

As redes de distribución de enerxía

No tocante ás **rede de distribución de enerxía eléctrica**, nos planos tamén serán grafitados estas zonas excluídas pola liña de edificación en base a lexislación sectorial das estradas e liñas de alta tensión.

- Liñas de alta tensión de primeira e segunda categoría: Vintecinco metros desde o eixe
- Liñas de alta tensión de terceira categoría: Oito metros desde o eixe.

3. ALCANCE E CONTIDO DO PLANEAMENTO, DAS PROPOSTAS E DAS SÚAS ALTERNATIVAS.

3.1 ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO

3.1.1 Antecedentes de planeamento

Planeamento xeral

O Planeamento xeral ven definido polas Normas Subsidiarias redactadas no ano 1991, que posteriormente sufriron diversas adaptacións a través de sucesivas modificacións puntuais, sendo unha delas, no 2004 unha modificación para desenvolvelo parque empresarial existente hoxe en día:

- N.S.P.
- M.P. NSP VARIAS, REVISION E ADAPTACION
- M.P. NSP NA INTERSECCION AVDA A CORUÑA, RUA DA CHOUZA
- M.P. NSP PARA NOVA LOCALIZACION DO PARQUE EMPRESARIAL. MONTE DA GANDARA BAIUCA

No que atinxe ó planeamento de desenvolvemento, realizase posteriormente á modificación puntual un Plan Parcial, así como un estudio de detalle

Planeamento de desenvolvemento

- P.P. SUB-P-I. PARQUE EMPRESARIAL
- E.D. ALIÑACION E RASANTES NA RUA CRUZ DA VEIGA

3.2 DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL EN AUSENCIA DO PLANEAMENTO.

3.2.1 Delimitación de solo urbano.

Delimitase un solo urbano pertencente á entidade de poboación de Friol.

No estudo da trama urbana reconécese tamén o solo urbano de Friol, que xenera discrepancias en canto a súa delimitación, polo que dita delimitación debería ser revisada.

Igualmente, detéctanse áreas dentro do límite de solo urbano que non teñen a consideración de consolidado, polo que deberían de delimitarse e identificarse nos planos, aqueles polígonos de solo urbano non consolidado, incorporando os límites de edificabilidade e as reservas mínimas de solo para dotacións públicas e para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, segundo o disposto na Lei 9/2002, así como o seu reparto de beneficios e cargas.

Do estudio das tipoloxías edificatorias, conclúense que debería de ser revisadas as actuais ordenanza, para poder establecer unha ordenación acorde co establecido no no artigo 46.1º da Lei 9/202.

3.2.1.1 Delimitación de núcleos rurais

O nomenclátor distingue un total de 303 entidades poboacionais.

Existen na actualidade un total de 218 entidades poboacionais recollidas como solo de núcleo rural no planeamento vixente.

O recoñecemento do sistema de núcleos actuais, necesita ser revisado, debido as seguintes circunstancias:

- As delimitacións non recollen certos núcleos con mais de cinco vivendas, e por suposto non recoñecen moito do patrimonio xa edificado.
- As delimitacións non recollen a demanda real, o non recoller áreas situadas na periferia do solo urbano, o longo das estradas autonómicas e provinciais . Ditas áreas, incluídas no solo urbano de Friol, deberán ser estudadas para a súa inclusión no solo de núcleo rural histórico tradicional.
- Tampouco recollen algunhas áreas de elevada densidade edificada ou poboacional.

3.2.1.2 Delimitación do solo urbanizable

O desenvolvemento dos solos urbanizables deberían de ser novamente estudados para poder adecuar a oferta de solo, tanto residencial como industrial á realidade.

Igualmente, a revisión do solo urbano podería provocar un cambio de clasificación de solo, anteriormente considerado como urbano, que non poida ser clasificado como tal segundo a a lexislación vixente.

Non existen novas posibilidades de crecemento no ámbito industrial segundo a normativa vixente.

3.2.2 Ordenación do solo rústico

Protección do medio ambiente natural

O Concello alberga varios espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de Abril (DOGA 12/04/04) e recollidos na Decisión da Comisión europea de data do 29/12/04, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica como son:

- o **Serra do Careón**
- o **Río Parga-Ladra-Támoga.**

Protección do medio fluvial

A rede fluvial a constitúen unha densa e numerosísima rede, destacando ente todos eles o río Parga. A dinámica fluvial deste río leva consigo inundacións estacións que fan necesario o establecemento dun réxime especial de protección.

Protección do patrimonio histórico

Cómpre destacar a ausencia do catálogo de elementos a protexer no planeamento actual, así como as súas correspondentes áreas de protección do elementos recollidos no inventario de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

A importancia en bens culturais do Concello de Friol queda reflexado nos seguintes exemplos:

- o **Camiños de Santiago:** camiño primitivo e camiño Norte

3.3 PLANEAMENTO VIXENTE

Segundo o decreto 102/2006 de suspensión da Normativa municipal, no Concello de Friol distínguense as seguintes clases de solo.

SOLO URBANO: Distínguense as seguintes clases de solo.

SU. Solo Urbano

SOLO DE NÚCLEO RURAL: Clasifícanse en dous ámbitos:

NRT. Núcleo rural tradicional

Ámbito de tipoloxía rural.

SOLO URBANIZABLE.

SUB. Solo urbanizable.

SOLO RÚSTICO. Discretízase entre varias clases de solo.

Solo urbano consolidado

Correspóndense co núcleo de Friol, cun total de 338.000 m² de superficie, denominado como SU.

Solo urbanizable


Establécense catro sectores de solo urbanizable, todos eles vinculados ó solo urbano.

SUB-1: Uso residencial e dotacional.

SUB-2: Uso residencial e dotacional.

SUB-3: Mixto.

SUB-4: Dotacional.



Núcleos rurais e solo rústico

Establécese unha serie de categorías de chan non urbanizable asignando a cada unha delas a súa definición, ámbito, normas de uso, normas de volume, así como as condicións hixiénicas e estéticas xerais:

A/ SUELO NO URBANIZABLE NUCLEAR (SNU/N)

B/ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR (SNU/I)

B1/ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR NORMAL (SNU/IN)

B2/ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR PROTEGIDO (SNU/IP)

B2.1./ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR DE PROTECCIÓN DE CAUCES (SNU/IPC)

B2.2./ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR DE PROTECCIÓN DE VIAS (SNU/IPV)

C/ SUELO NO URBANIZABLE ESPECIALMENTE PROTEGIDO (SNU/EP)

É obxectivo do presente avance incorporar a nova lexislación urbanística ao proceso de plan e adecuar á súa filosofía o tratamento específico e diferencial que ofrece o marco municipal de Friol.

3.3.1 Función do planeamento respecto á situación de partida.

Dada que as posibilidades de desenvolvemento do Concello de Friol e as propias da calidade de vida veñen definidas polas Normas existentes, podemos realizar unha revisión de aspectos que non estarían contemplados nas Normas e que podería condicionar o futuro do Concello:

FUNCION 1: Revisión do solo urbano, xa que unha parte significativa destes terreos clasificados como solo urbano non reúnen as condicións establecidas no Art. 12 a) da Lei 9/2002. No réxime do solo urbano no consolidado, debendo incluírse os terreos nos que son necesarias obras de urbanización, actuacións de reforma interior o renovación urbana (ámbitos de los planes especiais de reforma interior o de protección aprobados que non finalizaron o proceso de equidistribución y cesión), obtención de novas dotacións urbanísticas, xusta distribución de cargas e beneficios entre os propietarios, os ámbitos sobre os que o planeamento urbanístico ten prevista unha ordenación substancialmente diferente da realidade preexistente, así como os ámbitos nos que a ordenación detallada se realice mediante plan especial de reforma interior ou mediante estudo de detalle.

Como consecuencia, se está privando ós cidadáns do seu dereito a un medio urbano de calidade que cumpra os límites de sustentabilidade e as reservas mínimas de solo para dotacións públicas e para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, de conformidade co establecido na Lei 9/2002.

1. Revisión do perímetro do solo urbano.
2. A constatación da distinción entre as distintas cualificacións do solo urbano de Friol: o solo urbano consolidado e o non consolidado.
3. O cumprimento dos estándares urbanísticos contemplados na LOUGA.

FUNCION 2: Revisión dos solos urbanizables para que a ordenación sexa congruente cos valores existentes.

4. A revisión das potencialidades e necesidades de crecementos, expresado en termos de solos urbanizables, tanto de uso residencial como industrial.
5. A avaliación dos solos urbanizables existentes nos planeamento vixente e posibilidades de desenvolvemento.

FUNCION 3: Revisión da clasificación do solo rústico.

6. Aplicación da lexislación sectorial ó territorio.
7. Diferenciación dos espazos mais sensibles, que contan con especiais valores de protección (paisaxe, patrimonio, natural, científico, educativo...)

FUNCION 4: Revisión do cumprimento dos arts. 46, 47 e 48 da LOUGA, en cumprimento cos límites de sustentabilidade, calidade de vida e cohesión social e normas de calidade urbana.

8. Revisión dos equipamentos e dotacións existentes e previstos.
9. Inventario das áreas adicadas a espazos libres e de esparcemento.

Anteproxecto de Planeamento (Documentación complementaria ó documento de inicio)
Novembro 2010

3.4 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal ten incidencia no mesmo termo municipal.

A escala habitual de traballo na que se realiza a ordenación e clasificación do solo incide directamente sobre as parcelas e propiedades privadas, polo que a definición dun ámbito municipal considerase como a lóxica, posto que só os directamente afectados incluídos no termo municipal (Administracións, particulares...) teñen a calidade de afectados, con dereito a informar no primeiro caso e alegar no segundo á ordenación proposta.

Non obstante certos aspectos de ordenación, situándonos no capítulo da **planificación territorial**, poderíanse considerar de tipo estratéxico, e ter un alcance maior no territorio. Certamente, Friol, como localidade en si (o medio urbano), tense desenvolvido a través do motor económico xurdido que ven xa de antigo, e que constituíu un foco de atracción da poboación situada nos concellos limítrofes, dando como resultado a Friol de hoxe en día, tanto desde a perspectiva urbanística, como social e económica.

Poderíamos polo tanto definir que desde a **perspectiva socioeconómica** Friol ten un ámbito de **incidencia supramunicipal**, que afectaría a distintos concellos ou ben sería afectado por outros limítrofes (por exemplo Lugo), cunha poboación que historicamente emigrou de Friol, mermando as perspectivas económicas e poboacionais dos seus concellos de orixe en favor do desenvolvemento económico doutros mais cercanos, pode invertirse na actualidade, por ser precisamente a súa cercanía a potencialidade de crecemento tanto no sector produtivo como no residencial.

En termos de **ecoloxía**, a escala de traballo é moito maior, cun mínimo de 1:25.000, no que é fundamental o estudo tanto no medio terrestre como no medio mariño, vendo dado todo elo pola ecoloxía da paisaxe.

A ecoloxía da paisaxe ven determinada pola propia ordenación do solo rústico que limita e acota os usos do solo, actuando sobre distintas variables:

- Relaciones espaciais sobre elementos do ecosistema.
- Fluxos entre especies
- Dinámica da paisaxe o longo do tempo.

Polo tanto para asegurar unha axeitada conectividade entre hábitats, que permitan ditas dinámicas e fluxos, é necesario estudar ditas variables en relación ós concellos limítrofes.

A continuación resúmense as escalas de traballo e orde de estudo

	Escala	Ámbito de influencia	Denominación
Estratexias no ámbito socioeconómico (Posibilidade de crecementos)	1:200.000	Concellos pertencentes á Comarca.	Ámbito 1
Ecoloxía da paisaxe	1:25.000	Segundo o estudo da paisaxe.	Ámbito 2
Ordenación	1:1.000	Concello de Friol	Ámbito 3

3.5 ALTERNATIVAS PROPOSTAS PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.

As alternativas de planeamento que se propoñen para a elaboración do ISA valoraranse en base á integración dos criterios e obxectivos de sustentabilidade establecidos no Documento de Referencia remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

A avaliación cualitativa das alternativas realizase a partir do grao achegado, valorado de 1 a 10, representando 10 a maior consecución dos obxetivos de sustentabilidade. Valóranse tanto as accións como os efectos que permiten conseguir un plan máis sustentable.

Propóñense varias alternativas, que se describen a continuación:

1. A **ALTERNATIVA 0:** É aquela que se basea no mantemento da situación actual do territorio, sen modificación do planeamento nin do modelo territorial, que se analiza na diagnose realizada sobre o territorio municipal na súa situación actual na que se detectaban unha serie de deficiencias estruturais que o presente PXOM pretende resolver.

Dita ordenación reflexase no punto

2. A **ALTERNATIVA 1:** Se corresponde cunha alternativa real de ordenación, baixo unha perspectiva conservadora, propia da revisión do planeamento vixente (alternativa 0), adaptando á lexislación vixente.

- **SOLO URBANO:**

Realizárase unha revisión do solo urbano existente

- **SOLO DE NÚCLEO RURAL:** Solo de núcleo histórico tradicional

Realizárase unha revisión do solo existente, delimitando unicamente os núcleos tradicionais.

- **SOLO URBANIZABLE.**

Solo urbanizable, a partir dunha revisión dos xa existentes nas normas subsidiarias. Non se contemplarían novos desenvolvementos industriais

- **SOLO RÚSTICO.**

Clasificarase en función a diferentes categorías de solo rústico, todas elas especialmente protexido.

3. A **ALTERNATIVA 2:** Se corresponde cunha alternativa de ordenación, baixo unha perspectiva menos conservadora e mais creativa.

- **SOLO URBANO:**

Realizárase primeiramente o estudo do malla urbana, así como o estudo da

Anteproxecto de Planeamento (Documentación complementaria ó documento de inicio)

Novembro 2010

suficiencia dos servizos urbanísticos e o análise da consolidación dos dous tercios a consolidación, dando cumprimento ó art.11 da Lei do Solo, sen considerar a revisión do solo urbano existente

▪ **SOLO DE NÚCLEO RURAL:**

Delimitaríase todas aquelas áreas tradicionais edificadas, con topónimo recoñecido e que alomenos teñan 5 vivendas como solo rústico histórico tradicional.

Delimitaríase todas aquelas áreas edificadas posteriormente ó ano 1950, e que contando cunha consolidación superior o terzo, tiveran un topónimo recoñecido.

▪ **SOLO URBANIZABLE.**

Trala delimitación do solo urbano e as previsións de crecemento, estudaríanse aqueles ámbitos.

▪ **SOLO RÚSTICO.**

Clasificarase en función a diferentes categorías de solo rústico, todas elas especialmente protexido.

4. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLANEAMENTO

PREVISIÓNS DE DESENVOLVEMENTO DO NOVO PLANEAMENTO

4.1.1 Solo urbano e solo de núcleo rural

É necesario a súa diferenciación entre as categorías do solo urbano (consolidado e non consolidado) base ó disposto na Lei 9/2002, polo que caben:

- A revisión do Solo urbano terá como consecuencia un incremento do solo urbano non consolidado.
- O aumento de solo urbano non consolidado e a adaptación ós estándares urbanísticos, traerá consigo un aumento de equipamentos e espazos libres.
- Redución da ordenanza residencial pechada en favor da aberta.

4.1.2 Solo de núcleo rural

Dita revisión levará consigo as seguintes consecuencias:

- Inclusión de ámbitos pertencentes ó antigo solo urbano en solo de núcleo rural.
- Delimitación de áreas tradicionais como solo de núcleo rural histórico tradicional.
- Delimitación de áreas edificadas recentemente e con expectativas reais de crecemento como solo de núcleo rural común.
- Protección das edificacións catalogadas.

Solo urbanizable

Sería convinte a revisión destes ámbitos en congruencia cas disposicións legais vixentes, rexeitando moitos destes solos por este mesmo motivo.

A posibilidade de crecemento do solo urbano de Friol, dada súa proximidade á Lugo e a colmatación deste ámbito, dará lugar a búsqueda de sectores de solo urbanizable, expresado como posibilidades de crecemento nos planos, para uso residencial.

A importancia económica e a necesidade de ámbitos comerciais, fan necesario ademais a búsqueda de ámbitos susceptibles de ser transformados para dotar dunha área empresarial, da cal hoxe en día Friol tan so dispón dunha área empresarial, periférica ou olindante a xá existente, para evitar a degradación ou impacto de novas áreas do territorio.

4.1.1 Solo rústico

Sería convinte a revisión da clasificación do solo rústico en congruencia cas disposicións legais vixentes, polo que a meirande parte da clasificación do solo sería transformada nas distintas categorías de solo rústico de especial protección.

Anteproxecto de Planeamento (Documentación complementaria ó documento de inicio)
Novembro 2010

As diferentes categorías otórganse acordo as características dos terreos determinadas segundo o artigo 32 da lei do solo e cumprindo ademais ca lexislación sectorial.

SOLO RÚSTICO	
CATEGORÍA	PARÁMETROS QUE DEFINEN O SOLO RÚSTICO
ORDINARIO	CARACTERÍSTICAS XEOTECNICAS
	CARACTERÍSTICAS MORFOLÓXICAS
	ALTO IMPACTO TERRITORIAL
	UTILIZACIÓN RACIONAL DOS RECURSOS
	DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
AGROPECUARIO	ALTA PRODUTIVIDADE GANDEIRA. EXPLOTACIÓNS
	ALTA PRODUTIVIDADE AGRÍCOLA. CARACTERÍSTICAS OU POTENCIAL TERREOS
	CONCENTRACIÓN PARCELARIA A PARTIR DE 1 XANEIRO DE 2003
	CONCENTRACIÓN PARCELARIA A PARTIR DE 1 XANEIRO DE 1993 (resolución firme)
FORESTAL	EXPLOTACIÓNS FORESTAIS
	MASAS ARBÓREAS CON FUNCIÓNS PROTECTORAS DO MEDIO
	MONTE SEN MASA ARBÓREA QUE CUMPRAN AS FUNCIÓNS PROTECTORAS DO MEDIO
	ÁREAS ARBÓREAS CON ESPECIES AUTÓCTONAS
	SUPERFICIES QUEIMADAS DENDE 1 DE XANEIRO DE 1998.
	ÁREAS DE ESPECIAL PRODUTIVIDADE FORESTAL DECLARADAS
	MONTES PÚBLICOS
	MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
	MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
INFRAESTRUTURAS	INFRAESTRUTURAS E ZONAS DE AFECCIÓN DEFINIDOS POLA LEXISLACIÓN SECTORIAL
	INFRAESTRUTURAS E ZONAS DE AFECCIÓN DEFINIDOS PLANEAMENTO E ORDENACIÓN
AUGAS	LEXISLACIÓN REGULADORA DAS AUGAS
	ZONAS DE PROTECCIÓN DELIMITADOS POLO PLANEAMENTO E ORDENACIÓN
	RISCO DE INUNDACIÓN
	AUGAS SUBTERRÁNEAS QUE DEBAN SER PROTEXIDAS
COSTAS	DISTANCIA < 200 m. DO LÍMITE INTERIOR DA RIBEIRA DO MAR.
ESPACIOS NATURAIS	APLICACIÓN DA LEI 9/2001, DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
	LEXISLACIÓN REGULADORA DOS ESPACIOS NATURAIS, A FLORA E A FAUNA.
	TERREOS PROTEXIDOS POLO PLANEAMENTO URBANÍSTICO
	TERREOS PROTEXIDOS POLAS NORMAS PROVINCIAIS DE PLANEAMENTO
	TERREOS PROTEXIDOS POLOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
PAISAXÍSTICO	VISTAS PANORÁMICAS POLO PLANEAMENTO URBANÍSTICO
	VISTAS PANORÁMICAS POLOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
PATRIMONIO	PREVISTAS NO PLANEAMENTO
	PREVISTAS NA LEXISLACIÓN SECTORIAL

5. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

Os efectos de establecer a ordenación no Plan Xeral, realízase unha inventariación de variables susceptibles de interactuar ca nova Ordenación, levando implícito unha serie de efectos sobre o medio.

Ditos efectos serán reflexadas no Informe de Sustentabilidade Ambiental por medio da valoración dos efectos sobre cada unha das variables de sustentabilidade que posteriormente se reflexarán no Documento de referencia emitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento sostible para o Concello de Friol.

5.1 EFECTOS AMBIENTAIS SOBRE OS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS E A PLANIFICACIÓN PROPOSTA

Elementos ambientais (elementos estratéxicos)	Ámbito de influencia	Efecto	Efectos ambientais previsibles como consecuencia da aplicación do planeamento
Paisaxe e Natureza	Ámbito 2	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Protección dos espazos que estean baixo algunha figura de protección especial. • Protección das masas de ribeira, as masas de frondosas autóctonas e humidais. • Protección de calquera outro espazo que polo seu valor natural e ecolóxico requira algún tipo de protección. • Diminución de solo edificable ou potencialmente edificable en áreas de respecto o protección integral.
Patrimonio	Ámbito 3	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Inventario dos bens patrimoniais • Posta en valor dos bens e protección dos mesmos • Diminución de solo edificable ou potencialmente edificable en áreas de respecto o protección integral.
Sociedade	Ámbito 1	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Prosperidade económica • Reparto de dotacións e equipamentos entre as distintas áreas urbanas • Coñecemento dos valores existentes do Concello
Economía	Ámbito 1	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Perspectivas de crecemento
Medio urbano	Ámbito 3	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Millora do medio ambiente urbano
Medio rural	Ámbito 3	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar os espazos produtivos • Diminución de espazos rurais en favor do desenvolvemento urbanístico
Medio industrial	Ámbito 1	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Centralización dos usos industriais • Creación de novas infraestruturas
Mobilidade	Ámbito 3	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Millora da conectividade urbana (peonil), a través do estudio da malla urbana e a súa ordenación • Millora da accesibilidade a equipamentos e espazos libres • Creación de novos viais e accesos
Enerxía	Ámbito 3	Negativo	<ul style="list-style-type: none"> • Aumento do consumo enerxético
Atmósfera	Ámbito 3	Negativo	<ul style="list-style-type: none"> • Aumento das emisións gasosas
Ciclo hídrico	Ámbito 2	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Aumento do consumo hídrico • Millora das instalacións • Protección dos sistemas fluviais • Diminución dos riscos de inundacións
Ciclos de materiais	Ámbito 3	Negativo	<ul style="list-style-type: none"> • Aumento na produción do lixo

Usos	Ámbito 3	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Mantemento de corredores ecolóxicos • Cambio de uso (solos urbanizables)
Edificacións	Ámbito 3	Positivo	<ul style="list-style-type: none"> • Catalogación do patrimonio edificado de valor, evitando a súa desaparición • Diminuír a intensidade edificatoria cunha ordenación detallada urbana de menor densidade

5.2 CUMPRIMENTO DA LEI E REGULAMENTO DE ACCESIBILIDADE

As determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal serán coherentes coa Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

As vías públicas, parques e demais servizos públicos planifícanse e prevéase a súa urbanización de xeito que resulte accesible para tódalas persoas e en especial para aquelas con mobilidade reducida segundo o establecido na Lei 8/1997, de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 35/2000, de 28 de Xaneiro do Regulamento de Desenvolvemento e Execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

A tal efecto incluírase no Plan Xeral de Ordenación Municipal as determinacións establecidas para Accesibilidade en Urbanizacións e Aparcadoiros e Espazos Públicos nas Ordenanzas, que deberán ser cumpridas polos Proxectos de Urbanización.

Estableceranse así mesmo as condicións de accesibilidade en edificacións nas Ordenanzas que deberán ser cumpridas por los Proxectos de Edificación.

O cumprimento das determinacións verifícase no momento da petición de licencia no Concello

5.3 AS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO

No Plan Xeral terase en conta as disposicións contidas no decreto 262/2007 das normas do hábitat galego.

A regulación dos aspectos relativos a Vivenda e Edificio rexeráse polo establecido no decreto 262/2007, non establecendo outra regulación ó respecto.

5.4 INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

As determinacións do presente Plan Xeral de Ordenación Municipal serán coherentes co contido dos instrumentos de ordenación do territorio, e especificamente coas directrices de ordenación do territorio de Galicia.

5.5 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

As determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal serán coherentes coas directrices de **Anteprojecto de Planeamento** (Documentación complementaria ó documento de inicio)

Novembro 2010



ordenación do territorio de Galicia.

6. COMPOSICIÓN DO EQUIPO REDACTOR

O equipo redactor OTEA planes y proyectos, ten un carácter multidisciplinar de acordo co disposto no artigo 84.1 e 84.2 da Lei 9/2002, cumprido as especificacións do prego de cláusulas económicas e administrativas que serviu de base para a adxudicación do contrato, contando coma DIRECTOR DO PLAN o ARQUITECTO MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ, e estando formado polos seguintes membros:

- MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ, Arquitecto
- MANUEL ÁNGEL LÓPEZ REAL, Enxeñeiro de Edificación - Arquitecto Técnico
- BELINDA YEPES JIMÉNEZ, Enxeñeira de Montes
- MANUEL CAMPO DÍAZ, Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos
- JOSE ANTONIO MAIRA MÉNDEZ, Enxeñeiro Agrónomo

O director do equipo redactor



Lugo, Novembro de 2010

7. ANEXO: PLANO DE AVANCE DE ORDENACIÓN